

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 17 DE OUTUBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.
- Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Celanova de distintos treitos de estradas da rede autonómica de Estradas de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da subministración e xestión integral de medios de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia por un valor estimado de dez millóns trescentos trinta mil cincocentos noventa e dous euros (10.330.592 €) (sen IVE).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura de 4 acordos de financiamento do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento que se asina no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Federación Galega de Xoves Empresarios para a

realización de actividades relacionadas cos servizos da Unidade Galicia Emprende, por un importe total de cento un mil douscentos oitenta euros (101.280 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universitat d'Alacant (España) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con corenta e oito céntimos (58.462,48 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Universität Leipzig (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de oitenta e oito mil douscentos vinte e cinco euros (88.225,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Freie Universität Berlin (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Arbo feita a título gratuito polo Concello de Arbo (Pontevedra) a favor do Servizo Galego de Saúde.

MOCIÓNS E PROPOSTAS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo dos disturbios ocorridos en Cataluña.

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe final de execución do Acordo marco de impresión para servizos integrais de dixitalización e impresión de documentos en centros da Xunta de Galicia.

OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2020 SUPERAN A BARREIRA DOS 10.000 MILLÓNS DE EUROS E INCLÚEN NOVAS REBAIXAS DE IMPOSTOS, MÁIS INVESTIMENTOS E O MAIOR GASTO SOCIAL DA HISTORIA

- *As contas medran un 3% e ascenden a 10.149 millóns, 300 máis que neste ano*
- *A Xunta aproba rebaixar o imposto pola compra dunha vivenda no 94% do territorio, polo que o rural galego terá a menor tributación de toda España, e volve reducir o de sucesións, do que quedarán exentos o 99,9% dos galegos*
- *Apróbase tamén unha 'dedución verde' de ata 1.500 euros no IRPF para fomentar as melloras de eficiencia enerxética en vivendas particulares*
- *O gasto social aumenta en 275 millóns para reforzar o gasto na sanidade, no ensino e na política social, o que permitirá afrontar a gratuidade das escolas infantís para o segundo fillo ou a ampliación da Tarxeta Benvida*
- *O capítulo de investimentos volve medrar e acada os 1.691 millóns co obxectivo de que Galicia siga sendo en 2020 a comunidade autónoma líder en gasto per cápita*
- *As contas incorporan unha dotación de 82 millóns de euros para o Xacobeo, o que permitirá afrontar con éxito a preparación do vindeiro Ano Santo*
- *O único capítulo orzamentario que diminúe é o de xuros da débeda, no que se deixan de gastar 22 millóns, cun aforro acumulado de 200 millóns desde 2014*
- *A Xunta inclúe o crédito necesario para subir ata un 2,2% o salario dos empregados públicos, que se aplicará cando o Goberno dicte a norma habilitante*
- *Con estas contas, xa son 40 os anos consecutivos nos que Galicia consegue aprobar uns Orzamentos*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma para 2020, unhas contas que superan a barreira dos 10.000 millóns de euros por primeira vez en dez anos, e que inclúen novas rebaixas de impostos de ámbito autonómico, un forte reforzo do gasto social –que acada a maior cifra da súa historia- e un incremento do capítulo de investimentos.

Os Orzamentos de Galicia para o vindeiro exercicio medran un 3% e ascenden a 10.149 millóns, 300 millóns máis que neste ano e 1.400 millóns máis que en 2016. Deste xeito, o Goberno galego volve esgotar o límite de gasto aprobado polo Parlamento a semana pasada, toda vez que os 11 millóns restantes se corresponden co impacto das novas baixadas de impostos que se aplicarán en 2020.

Sobre as rebaixas fiscais, en primeiro lugar, a Xunta aprobou rebaixar o imposto pola compra dunha vivenda no 94% do territorio galego, que se corresponde coas zonas pouco poboadas de Galicia. Para iso, redúcese o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais (ITP) do 7% ao 5% no caso de compra de vivenda habitual, e do 10 ao 6% para o resto de compras de vivenda, co obxectivo de fixar poboación no rural e dinamizar estas zonas.

Ademais, a Xunta aproba que todas as herdanzas de ata un millón de euros por herdeiro –sen contar a vivenda habitual- queden libres de tributación. Isto permitirá que o 99,9% dos

galegos non teñan que pagar o Imposto sobre Sucesións cando reciben unha herdanza dun familiar directo. Neste imposto tamén se amplía o acceso ás reducións xa existentes para favorecer a sucesión das empresas que permanecen dentro do ámbito familiar.

O Goberno galego tamén incorpora unha novidosa 'dedución verde' no IRPF que permitirá bonificar ata o 15% das actuacións en vivendas para mellorar a eficiencia enerxética. En total, calquera particular poderá bonificarse ata 1.350 euros, máis 150 euros para cubrir os custes da emisión do certificado de eficiencia enerxética.

Reforzo do gasto social e dos investimentos

Os Orzamentos para 2020 reforzan un ano máis o gasto social, que medra en 275 millóns respecto a este ano e acada os 7.400 millóns de euros, a cifra máis alta da historia. Estes novos recursos permitirán incrementar o gasto directo en sanidade, no ensino e nas políticas sociais, e deste xeito poñeranse en marcha en 2020 medidas pioneiras no ámbito familiar como a gratuidade das escolas infantís a partir do segundo fillo ou a ampliación da Tarxeta Benvida. Con este incremento, o gasto social da Xunta terá aumentado en 1.119 millóns de euros na actual lexislatura.

O proxecto de lei aprobado hoxe polo Consello da Xunta tamén inclúe un incremento do capítulo de investimentos, que volve medrar e acada os 1.691 millóns de euros –a capacidade de gasto neste eido medra máis dun 4%- co obxectivo de que Galicia siga sendo no ano 2020 a comunidade autónoma líder en investimento per cápita.

O Xacobeo

Nas partidas de gasto tamén destaca o incremento do gasto en innovación –que aumenta ata os 100 millóns de euros- e a dotación para o Xacobeo. En concreto, o Goberno galego destina 82 millóns para afrontar con éxito a preparación do vindeiro Ano Santo.

Pola contra, o único capítulo orzamentario que diminúe é o de xuros da débeda, no que se aforran 22 millóns grazas á política de control do endebedamento que vén realizando a Xunta, xa que Galicia é a comunidade que menos aumentou a súa débeda nos últimos dez anos. En total, o aforro acumulado en gastos financeiros desde o ano 2014 ascende a 200 millóns, recursos que en 2020 se destinarán a reforzar o gasto social e os investimentos.

Ademais, o Goberno galego inclúe o crédito necesario nun fondo retributivo para elevar ata un 2,2% o salario dos empregados públicos, unha suba que se aplicará cando o Goberno central dicte a norma habilitante. En todo caso, esta medida beneficiará a uns 100.000 empregados que dependen da Administración autonómica.

40 anos de orzamentos

Con estas contas, xa son 40 os anos consecutivos nos que Galicia consegue aprobar uns Orzamentos. Hai que ter en conta que o primeiro orzamento da Comunidade Autónoma foi aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia en 1981, ano no que tamén foi aprobado o Estatuto de Autonomía de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE CELANOVA DAS TRAVESÍAS DAS ESTRADAS OU-531 E OU-540

- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme ca Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto do Goberno galego por proposta do departamento de Infraestruturas da Xunta***
- ***Coa transferencia, o concello asume a responsabilidade da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características***
- ***A entrega destes treitos formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos 2 meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia.***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Celanova das travesías da capitalidade do municipio das estradas OU-531 e OU-540.

En concreto, o Concello de Celanova manifestou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o seu interese polo cambio de titularidade da totalidade da estrada OU-162, dun treito antigo da estrada autonómica OU-540, con 250 m de lonxitude, así como dun tramo antigo da estrada OU-531 e das travesías da capitalidade do concello das estradas OU-531 e OU-540.

O departamento de Infraestruturas da Xunta informa favorablemente do cambio de titularidade dos treitos antigos, xa que na actualidade os vehículos transitan pola plataforma das estradas OU-540 e OU-531, como consecuencia das melloras de trazado executadas pola Xunta de Galicia en diferentes momentos.

Pola súa parte, a autovía AG-31 constitúe unha verdadeira circunvalación de Celanova, canalizando por ela o tráfico de longo percorrido, o que permite que as travesías das estradas OU-540 e OU-531 poidan ser transferidas ao concello.

A transferencia a prol do Concello de Celanova destes treitos das vías autonómicas tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Celanova terá a competencia para actuar nestas vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega dos bens formalizarase no prazo de dous meses seguintes á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

No seguinte plano amósanse os treitos que se transfiren:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA AVANZA NO NOVO MODELO DE XESTION DOS SISTEMAS DE IMPRESIÓN E DIXITALIZACIÓN, QUE XA REDUCIU NUN 40% O NÚMERO DE DISPOSITIVOS

- ***O Goberno galego aproba un novo acordo marco para consolidar a extensión do servizo integral de impresión e dixitalización, adaptado ás necesidades da Administración electrónica***
- ***Integra nunha mesma contratación o mantemento e dotación de equipamentos e a subministración de consumibles mediante o sistema de pagamento por copia***
- ***Reduce os custos de impresión, o número de dispositivos instalados e de páxinas impresas***
- ***Complementa as iniciativas que a Xunta vén desenvolvendo para acadar unha xestión dixital de todo o ciclo de vida dos documentos e dos procedementos administrativos***

A Xunta de Galicia avanza na consolidación do novo modelo de xestión dos sistemas de impresión e dixitalización corporativos, que comezou a implantar en 2017 para adaptar este servizo ás necesidades da administración electrónica. Con este obxectivo o Consello da Xunta aprobou hoxe un novo acordo marco para a contratación centralizada do mantemento e renovación de equipamentos e a subministración de consumibles mediante o sistema de pagamento por copia.

Co primeiro contrato marco abordouse a primeira fase da reorganización do parque de equipos de impresión da Xunta, reducindo nun 40% o número de dispositivos. O novo contrato marco, aprobado hoxe, permitirá completar a segunda fase do proceso. Unha vez implantado o novo modelo de xestión consolidarase un aforro anual de 1,8 millóns de euros, grazas á redución do número de equipamentos instalados e a optimización de custes derivados da contratación centralizada.

Con esta iniciativa a Administración autonómica busca mellorar a calidade dos seus medios de impresión e dixitalización, adaptándoos ás capacidades e necesidades do proceso de dixitalización en que está inmersa.

Liñas de actuación

O novo contrato marco permitirá estender a toda a Administración xeral o uso compartido das máquinas por departamentos ou grupos de traballo, limitando o emprego de impresoras en postos individuais para servizos de atención directa ao cidadán ou aqueles que manexen información sensible. Nesta mesa liña, continuaranse a reducir os equipos de impresión a cor en favor de solucións en branco e negro.

Outra das medidas que prevé o acordo é a homoxeneización dos equipos, establecendo un número de modelos reducidos. Deste xeito, facilitarase a súa xestión asegurando a posibilidade de xestionar remotamente todas as máquinas. Ademais, incorpóranse sistemas de control de impresións por máquina para poder analizar as necesidades reais de cada posto de traballo.

Este novo sistema permite simplificar a carga administrativa grazas á facturación centralizada baixo a fórmula de pagamento por uso e emisión de facturas únicas por centro de gasto. O acordo marco prevé un investimento de ata 12,2 millóns de euros.

Un paso máis para unha administración dixital

A aprobación deste novo acordo marco é unha das actuacións do Plan de acción de dotación e xestión sustentable no posto de traballo, que desenvolve a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), para garantir que os empregados públicos dispoñan dos medios tecnolóxicos axeitados ás súas funcións e á prestación dos servizos dixitais para cidadáns e empresas que require o contexto actual.

O Plan complementa as iniciativas que a Xunta vén desenvolvendo desde o ano 2010 para consolidar unha Administración integramente dixital. Os indicadores do Plan de Goberno e Administración dixital 2020 sinalan que se está a avanzar neste obxectivo, tanto entre os cidadáns como a nivel de uso interno.

A xestión en liña está a consolidarse entre os galegos como a opción para relacionarse coa Administración. Entre xaneiro e xuño de 2019 máis do 50% das xestións rexistradas pola Administración autonómica presentáronse en liña, ben a través da sede electrónica da Xunta ou das oficinas virtuais, ou no rexistro electrónico.

En canto ao uso do servizos dixitais internos por parte do empregados públicos, cómpre destacar a Plataforma de interoperabilidade Pasaxe, con 4,7 millóns de consultas no primeiro semestre, un 32% máis no último ano.

Tamén se incrementa o uso da sinatura dixital e no primeiro semestre deste ano rexistráronse na Xunta máis de 1,8 millóns de documentos asinados electronicamente fronte a algo máis de 1 millón de 2018.

Por outra banda, este ano aprobouse a Lei de administración dixital de Galicia coa que a Comunidade acada un marco normativo único para universalizar o uso e o acceso aos servizos públicos dixitais

O CONSELLO AUTORIZA A SINATURA DE ACORDOS DE FINANCIAMENTO POR 2,4 M€ PARA A CONSTRUCIÓN E REHABILITACIÓN EN ALUGAMENTO DE CASE 100 VIVENDAS NA CORUÑA, RIBADEO E SARRIA

- *Trátase dunha liña de axudas dentro do Plan de Vivenda 2018-2021 co que se pretende impulsar o acceso á vivenda en alugamento a prezo reducido*
- *Os investimento mobilizado permitirá sufragar a rehabilitación de cinco vivendas na Coruña; mentres que as restantes corresponden a promotores privados a levar a cabo en Ribadeo e Sarria*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá autorizou a sinatura de senllos acordos de financiamento para a construción e rehabilitación de case 100 vivendas nos concellos da Coruña, Ribadeo e Sarria. Trátase de catro convenios para formalizar as subvencións concedidas ao abeiro do Plan de Vivenda 2018-2021, relativas á convocatoria do ano actual.

Este investimento permitirá construír ou rehabilitar un total de 96 vivendas que, tras as obras, se disporán en réxime de alugamento a prezo reducido durante un prazo mínimo de 25 anos e a persoas e familias con ingresos que non superen 4,5 veces a contía do IPREM, aínda que no caso de familias numerosas e persoas con determinadas discapacidades os ingresos máximos poderán chegar a 5 veces o IPREM.

No caso da Coruña, onde o promotor da actuación é o propio concello, recibirá unha axuda de 91.800 euros destinados á rehabilitación de cinco vivendas e localizadas na rúa Marqués de Pontejos.

No caso dos concellos de Ribadeo e Sarria, en ambos os casos son promotores privados os que se beneficiarán das axudas, que recibirán 982.100 euros. Permitirá retomar e rematar unha actuación de 40 vivendas xa iniciada na rúa Rafael Fernández Cardoso, neste concello da Mariña lucense.

No caso de Sarria, presentáronse dúas ofertas para dúas obras. Un dos proxectos consiste en retomar e rematar unha actuación de 40 vivendas xa iniciadas na rúa Castelao, cunha axuda de 1.083.530 euros, e no segundo, unha a construción de 11 novas vivendas na rúa Frei Xoán, cunha axuda de 215.337 euros.

O prezo máximo do alugamento de cada inmovible dependerá da modalidade da axuda solicitada e da área xeográfica en que se localizan as vivendas. A promoción da Coruña está incluída no grupo denominado "Prezo máximo superior, polo que os prezos por metro cadrado son 5,23 € renda/m² útil de vivenda e de 3,14 € por renda/m² útil de rocho e garaxe. Ribadeo e Sarria corresponden a zona 1, polo que os prezos son de 4,26 € para a vivenda e 2,94 € para os rochos e garaxe.

Primeira convocatoria en 2019

A Xunta de Galicia publicaba no mes de xuño a primeira convocatoria do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento do Plan estatal de vivenda 2018-2021. Era a primeira vez que se convocaban este tipo de subvencións que teñen por finalidade rehabilitar vivendas e poñer á disposición dos cidadáns vivendas en réxime de alugamento con mensualidades asequibles.

O Instituto Galego de Vivenda e Solo resolveu a concesión de todas as solicitudes que se presentaron ao abeiro deste programa de axudas de fomento da construción de vivenda en alugamento e que cumprían os requisitos exixidos.

A XUNTA RENOVA A SÚA COLABORACIÓN CON AJE GALICIA PARA IMPULSAR O EMPRENDEMENTO E O FORTALECIMENTO DO TECIDO INDUSTRIAL

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria asinará un convenio con esta asociación de empresarios no marco do cal se realizarán accións formativas conxuntas, ademais de crear espazos de traballo sectoriais e celebrar un foro de investimento 4.0***
- ***O Goberno galego pon á disposición dos emprendedores diferentes programas de axudas e o apoio integral das aceleradoras que forman parte da plataforma StartIN Galicia, que leva impulsado máis de 1000 proxectos***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, reforza a súa colaboración coa Federación Galega de Xoves Empresarios AJE Galicia, co obxectivo de seguir traballando de xeito conxunto no impulso ao emprendemento e no fortalecemento do tecido industrial galego.

Así, o Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio con esta entidade, que conta cun financiamento de 81.000 euros e permitirá a realización conxunta de accións de formación, dirixidas tanto ao fomento do emprendemento e dinamización do rural como ao asesoramento específico para autónomos. Ademais, prevé a posta en marcha de espazos de traballo sectoriais e o desenvolvemento dun foro de investimento e conferencias relacionadas coa Industria 4.0, no marco dun congreso dirixido a empresarios novos.

Esta actuación enmárcase na aposta da Xunta polo impulso e consolidación de novas empresas, no marco da cal este ano se destinan 9 millóns de euros en axudas ao emprendemento ao abeiro das convocatorias do Galicia Emprende. As edicións actuais apoiarán 200 iniciativas de autónomos e emprendedores para mobilizar investimentos que superarán os 24 millóns de euros. Os emprendedores galegos poden tamén acceder a financiamento a través de programas como os préstamos IFI.

Ademais, mediante as iniciativas que forman parte da Plataforma StartIN Galicia, que agrupa todas as aceleradoras que apoia a Administración autonómica, nos últimos cinco anos impulsáronse máis de 1000 proxectos emprendedores en todo o territorio. A través desta plataforma de apoio integral desenvólvense as *business factories* e as demais aceleradoras sectoriais en marcha, así como a rede de espazos *coworking*.

Na anterior edición do acordo con AJE Galicia leváronse a cabo 21 actuacións, que deron apoio ás iniciativas de 675 emprendedores. O Igape e a entidade empresarial tamén colaboran, xunto coa Universidade de Santiago de Compostela, na elaboración e publicación do informe GEM, *Global Entrepreneurship Monitor*, que analiza a situación do emprendemento en Galicia.

A XUNTA IMPULSA O ESTUDO DO GALEGO EN ALEMAÑA E ALACANTE A TRAVÉS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES

- ***Grazas a estes acordos, nos cales se investirán preto de 160.000 euros, ofertaranse materias para os alumnos ata o 2022***
- ***Na actualidade o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais***

A Consellería de Cultura e Turismo renovará a súa colaboración coas universidades de Alacante, Berlín e Leipzig (Alemaña) para promocionar a lingua, literatura e cultura galegas no ámbito académico destes centros así como na súa área de influencia a través de tres convenios que se estenderán ata 2022 e que suman un investimento de preto de 160.000 euros.

En virtude deste acordo, a Universidade de Leipzig ofertará aos seus alumnos bachelor o galego como segunda ou terceira lingua estranxeira no seu plan de estudos, así como a opción de escoller galego tamén como segunda ou terceira lingua no Máster de Translatoloxía e no Máster de Interpretación de Conferencias. Para poder achegar os alumnos alemáns á nosa lingua, a Xunta investirá máis de 88.000 euros, a través dun acordo que se estenderá ata o 31 de agosto de 2022.

No caso da Universidade de Alacante, ofertarase Lingua e Cultura Galegas I e II e Lingua e Cultura Galego-Portuguesas I e II, todas elas con seis créditos ECTS e con catro horas lectivas á semana. Poderán matricularse nelas os alumnos dos graos de Español: Lingua e Literaturas, Filoloxía Catalá, Estudos Franceses, Estudos Ingleses e Estudos Árabes e Islámicos. O importe do convenio achégase aos 60.000 euros e terá vixencia ata o 30 de setembro de 2022.

Por último, no que respecta á Universidade de Berlín, a actividade docente traducirase en ofertar, tanto para estudos de bachelor como para os de máster, un módulo de 30 créditos dividido en dúas áreas: prácticas de lingua, que contén tres niveis básicos e cursos de Estudos Galegos. A achega da Consellería de Cultura e Turismo para esta universidade é de 12.000 euros ata o 30 de setembro de 2022.

A maiores destas materias, as tres universidades organizarán actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura, da cultura galegas e do Xacobeo 21, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais, durante a vixencia de cada un dos convenios, acollerán o lector que destinará a Xunta de Galicia, e adquirirán o material preciso para realizar as ditas accións.

Ademais da achega económica, a Consellería de Cultura e Turismo prestará a orientación e apoio pedagóxico e didáctico que demanden as universidades e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo. Cómpre destacar que, dentro destas tres universidades, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación do convenio.

A lingua galega, presente en 36 universidades

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 36 universidades internacionais. Dentro delas, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os Centros de Estudos Galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua, non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades fóra da Comunidade é unha realidade consolidada que leva contribuído de maneira fundamental á difusión do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE ARBO

O Consello da Xunta vén de autorizar a aceptación da cesión do inmovible do centro de saúde de Arbo, na provincia de Pontevedra, que conta cunha superficie total construída de 497 m². A cesión do inmovible está feita a título gratuito por parte do Concello de Arbo a favor do Servizo Galego de Saúde. A transferencia desta infraestrutura da rede sanitaria pública de Galicia ten un custo anual de mantemento estimado para a Xunta de Galicia de 27.281 euros.

Con este inmovible sanitario, o número total de centros de titularidade municipal asumidos polo Servizo Galego de Saúde no eido do Pacto Local ascende a 92.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros á Administración sanitaria autonómica.

O proceso de asunción é, en todo caso, voluntario para os concellos, que previamente asinan os convenios nos que se establecen as bases de cooperación co Sergas para “a cesión da propiedade do centro de saúde de que é titular o dito concello, ao Servizo Galego de Saúde, e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos de mantemento deste”. O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravames, así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DOS DISTURBIOS OCORRIDOS EN CATALUÑA

Ademais de proporcionar un longo período de convivencia, desenvolvemento e respecto ás liberdades individuais e colectivas, a democracia nacida coa Constitución ten demostrado a súa fortaleza contra as ameazas que tentan destruíla.

Tanto a resolución das institucións como a unidade do pobo español, lograron a derrota de cada intento de perverter a convivencia. Nalgún caso, como o terrorismo, as consecuencias foron moi duras. Pero superamos os desafíos na legalidade, coa legalidade e con toda a legalidade.

España ven de superar unha nova proba. A sentenza do Tribunal Supremo contra aqueles que quixeron abolir a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Cataluña culmina unha resposta medida do Estado democrático. Celebrouse un xuízo con plenas garantías. E, segundo a Xustiza, quedaron evidenciados delitos que están contemplados e castigados en todos os ordenamentos xurídicos do mundo.

A reacción da Generalitat no só intenta deslexitimar a resolución da máis alta instancia xudicial, senón que instiga mobilizacións que desembocan nunha violencia inusitada. En lugar de defender a liberdade dos cidadáns de Cataluña, foméntase a fractura social desde as institucións, e aléntanse ataques contra o sistema democrático.

Grupos extremistas gozan da aberta e declarada simpatía daqueles que teñen a obriga legal de defender o ordenamento democrático e autonómico. Non se pode pretender ser presidente autonómico pola mañá e activista pola tarde. Porque con esa actitude, ademais do día a día de moitos cataláns, estase a danar gravemente a imaxe de Cataluña e a do resto de España, Galicia por suposto incluída.

A Xunta de Galicia forma parte do Estado democrático e da España das autonomías que está sendo agredido por políticos Cataláns. Os galegos compartimos dereitos e liberdades cos cidadáns cataláns, e tamén un sentimento de irmandade con eles porque moitos son galegos aos que o destino os levou alí.

Por iso non é admisible gardar silencio nestes momentos de inqueda. Tampouco tratar de moverse na ambigüedad e, moito menos, a condescendencia cos violentos e aqueles que perturban a convivencia.

Aqueles que fixeron da insubmisión a súa única política deben saber que o Goberno de Galicia e a maioría de Galicia rexeita esas actitudes, e está coa Constitución e o Estado de Dereito, e coa convivencia en paz.

Galicia é unha comunidade estable e centrada que non debe importar o exemplo que estamos a ver por parte dunha minoría en Cataluña. Temos un modelo propio do que nos sentimos fondamente orgullosos, sen necesidade de fixarnos en ningún modelo alleo.

É frecuente que cando a normalidade se ve alterada pola causa que sexa moitas veces son nenos os que representan con maior crueza as desgrazas. Ten pasado en crises migratorias. Ten pasado en conflitos armados. Ten pasado en eventos climatolóxicos adversos.

Agardamos que a imaxe dun neno escapando das lapas nos brazos de seu pai nos inspire a todos para dicir que xa está ben, que xa abonda.

O ocorrido na noite do luns non debera terse repetido o martes. O ocorrido na noite do martes non debera terse repetido onte. O ocorrido onte non debe repetirse hoxe.

A Xunta de Galicia defende unha reacción proporcional ao desafío. Unha democracia consolidada asentase tanto no diálogo como na firmeza. Diálogo cos que queren avanzar e acordar polo interese xeral da Nación, de toda a Nación. E firmeza cos que pretenden arrastrar a todo un país a unha situación crítica por interese cativos e minoritarios.

Ningunha medida prevista na legalidade democrática pode ser descartada cando está en xogo a convivencia democrática.

Igualmente non parece compatible pedir que se condene a violencia aos independentistas ao mesmo tempo que se goberna con eles, como se a censura a estas actitudes fose unha condición que se pode alcanzar a posteriori, e non previa a calquera tipo de acordo. Precisamente a única esperanza dos independentistas é a inconsistencia ou a contradición no conxunto do ámbito político, legal ou xudicial.

Cando a violencia ameaza a convivencia dun pobo pacífico como o catalán, como todo o pobo español, a condescendencia e a inacción non poden manexarse como opción. A ameaza aféctanos a todos, e todos debemos responder con determinación e sen fisuras. Por suposto, o Goberno da Nación en primeiro lugar.

A democracia española será así máis forte porque se basea nunha patria común que debemos defender entre todos. Galicia faino e farao.